



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

D. Salustiano Mato de la Iglesia
D. Pedro Merino Gómez
D. Javier de Vicente Remesal
D. Antón Fernández Álvarez
D. Juan M. Suárez Creo
D. Xosé Manuel Cid Fernández
D^a Margarita Estévez Toranzo
D. Eusebio Corbacho Rosas
D. Guillermo De Oca Cancela
D. José Durany Castrillo
D. Manuel Fernández Areal
D. José Ramón Fernández Bernárdez
D. Alberto Gago Rodríguez
D. José Manuel García Vázquez
D. Andrés Mazaira Castro
D. Pedro Membiela Iglesia
D. Xosé Luis Outes Ruso
D. Adolfo Pérez Abellás
D. Mariano Pérez-Mtnez Pérez-Amor
D. José Pose Blanco
D. Manuel Reigosa Roger
D. Fco. Javier Rodríguez Berrocal
D^a M^a Elena Sánchez Trigo
D. Federico Vilas Martín

Desculpa a súa asistencia
D.J.Ángel Álvarez Moreira

Acta da sesión extraordinaria da Xunta de Goberno da Universidade de Vigo, do sete de outubro de mil novecentos noventa e nove, ás 11:30 horas en primeira convocatoria e ás 12:00 en segunda, no Paraninfo do Rectorado da Universidade de Vigo.

O xoves, **día 7 de outubro de 1999**, ás 12:00 horas, comezou a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno co obxecto de trata-lo seguinte punto da orde do día:

PUNTO ÚNICO: Asuntos de profesorado: Prazas BOE, transformacións, visitantes, permisos e comisións de servizo.

Por ausencia do Sr. Rector, preside a sesión o Vicerrector de Desenvolvemento e Transferencia de Ciencia e Tecnoloxía D. Pedro Merino Gómez, e actúa como Secretaria, a Xeral da Universidade, D^a Margarita Estévez Toranzo.

Asuntos de profesorado:

* Prazas BOE, **apróbbase** o seguinte:

T08	385	TIT-UN	Vigo	Josefa García Sánchez
X04	215	TIT-EU	Ourense	-----
H02	567	TIT-EU	Ourense	-----

* **Apróbanse** as seguintes transformacións:

X07	230	J. Miguel Rey Lama	de ASO T3-P6 a ASO T3-P3
T10	595	Luciano González Fernández	de ASO T3-P6 a ASO T3-P3
T10	595	Carlos Pérez Iglesias	de ASO T3-P6 a ASO T3-P3
T10	595	Jose María Martínez Blanco	de ASO T3-P6 a ASO T3-P3
T06	565	Fco. Javier Romero Sánchez	de ASO T3-P3 a ASO T3-P6
T05	065	Carmen M. Abreu Fernández	de PP1 a PP2
T04	555	M ^a Mercedes Álvarez Lires	de ASO T3-P3 a ASO T3-P6

* Visitantes, **apróbanse** os seguintes:

- D. Joaquín Dosil Díaz, coa categoría de TIT-EU interino, do 1/10/99 ó 21/02/2000
- D^a Gema Álvarez Llorente, coa categoría de PP1, do 1/10/99 ó 30/9/2000
- D^a Raquel Arévalo Tomé, coa categoría de TIT-EU, do 1/10/99 ó 30/9/2000
- D^a Ana Sinde Cantorna, coa categoría de PP1, do 1/10/99 ó 30/9/2000
- D^a Nuria García Piñeiro, coa categoría de TIT- EU, do 1/10/99 ó 30/9/2000
- D. Jesús Ricardo Illan González, coa categoría de TIT-UN, do 1/10/99 ó 21/2/2000
- D. Daniele Tommasini, coa categoría de TIT-UN, do 1/10/99 ó 30/9/2000
- D^a Ruth Carballo Fidalgo, coa categoría de TIT-UN, do 1/10/99 ó 30/9/2000
- D^a M^a Teresa de Castro Rodríguez, coa categoría de TIT-EU, do 1/10/99 ó 21-2-2000
- D. Jose María Gras Lope, coa categoría de TIT-UN, (1h/s) do 1/10/99 ó 30/09/2000
- D. Benigno Fernández Filgueira, coa categoría de TIT-EU, (1h/s) do 1/10/99 ó 30/09/2000
- D. Primitivo González López, coa categoría de TIT-EU, (3h/s) no 2º cuadrimestre
- D^a M^a Inmaculada Franco Matilla, coa categoría de TIT-EU, do 15/2/2000 ó 30/9/2000
- D^a M^a Eugenia Tornadijo Rodríguez, coa categoría de TIT- UN, do 1/10/99 ó 30/9/2000
- D. Doroteo Arnáiz Abejón, coa categoría de TIT-EU, do 1/10/99 ó 30/9/2000
- D. Javier Alcantara Carrio, coa categoría PP1, do 1/10/99 ó 30/9/2000
- D. Robert Neal Baxter, coa categoría PP1, do 1/10/99 ó 30/9/2000
- D^a Gloria Siliana Marroco-Maffei, coa categoría PP1, do 1/10/99 ó 30/9/2000
- D. José Manuel Leao Martins, coa categoría TIT-UN, do 1/10/99 ó 30/09/2000
- D^a Concepción Pérez Lamela, coa categoría TIT-UN (I), do 1/10/99 ó 30/09/2000
- D^a M^a Paz Ondina Navarret, coa categoría de TIT-UN, do 1/10/99 ó 30/09/2000
- D. José Eugenio López Periago, coa categoría de TIT-UN, do 1/10/99 ó 30/09/2000
- D. Manuel Arias Estévez, coa categoría de TIT-UN, do 1/10/99 ó 30/09//2000
- D^a Beatriz Prieto Lamas, coa categoría de TIT-UN, do 21/2/2000 ó 30/9/2000
- D. Raul Iglesias Blanco, coa categoría de TIT-UN, do 01/10/99 ó 31/03/2000

Non se aproba a proposta da área 055 (Bioloxía Vexetal) de contratar a Emilia Díaz Losada con categoría de Titular de Universidade para o curso 1999-2000 xa que non se acredita contrato coa Universidade de Santiago, senón só vinculación a efectos de investigación. Acórdase devolver a documentación ó Departamento de Bioloxía Vexetal e Ciencias do Solo. O resultado da votación neste punto foi o seguinte:

Votos a favor de aprobar a praza	0
Votos en contra	11
Abstencións	10

Antes de pasar ó seguinte punto, o Vicerrector de Profesorado, en relación coas prazas solicitadas polo Departamento de Fundamentos da Análise Económica, informa do seguinte:

O día 15 de xullo de 1999, o Departamento de Fundamentos enviou o POD indicando que vai solicitar tres profesores visitantes dos que enviará os curricula máis adiante. O día 21 de xullo reuniuse a Comisión de Docencia e acorda que unha praza das anteriores sexa de profesor consolidable (para acadar a relación porcentual debida entre profesores consolidables e non consolidables). Este acordo é comunicado ó Departamento.

En setembro chega outro escrito do Departamento pedindo de novo tres profesores visitantes dos que se achega o curriculum (Izabela Jelovac, Pablo de Carlos Villamarín, Francisco Javier Lores Insúa). Reunida de novo a Comisión de Docencia, non accede á petición anterior mentres non se acceda a pedir un profesor consolidable.

Baseándose no anterior, o Vicerrector propón que se aproben os curricula dos profesores visitantes propostos por se houbera que recorrer a algún deles. Propón tamén que se dea un último prazo ó Departamento para que solicite unha praza de profesor consolidable e dúas de non consolidable. Se non houbera resposta, sairía a BOE unha praza de Titular de Universidade, incluíndo no Tribunal ós dous Catedráticos do Departamento.

Prodúcese unha rolda de intervencións.

- O profesor Durany está de acordo coa proposta.

- O profesor R. Berrocal prefire que o problema sexa tratado de novo na Comisión de Docencia e di que as normas de organización docente así como esta proposta están en contradición co artigo 15.1 do regulamento de profesorado.

- O profesor García Vázquez recorda que no goberno anterior, a Xunta de Goberno ten cambiado decisións de Departamentos sobre o tipo de prazas.

- O profesor Membiela di que os Departamentos deben respectar as decisións da Comisión de Docencia.

- O profesor Corbacho di que non debe tomarse nesta Xunta de Goberno o acordo.

- O profesor Gago e Durany din que cando un Departamento incumpre reiteradamente as normas, a Xunta de Goberno debe pronunciarse.

- O profesor Gago comparte en liñas xerais a proposta do Vicerrector matizando que se o Departamento non responde no prazo que se marque, levaríase á seguinte Xunta de Goberno a saída a concurso dunha praza de BOE con audiencia do Director de Departamento. Insiste en que a Xunta de Goberno debe valorar que actuacións se deben levar a cabo cando hai unha indisciplina reiterada coma esta.

- O profesor Reigosa está de acordo con aprobar a praza de BOE na seguinte Xunta de Goberno.

Sométese á consideración da Xunta de Goberno a seguinte proposta: dar o Vº e Pr. ós curricula dos profesores visitantes propostos polo Departamento e dar un prazo ata o día 18 de outubro para que se faga a petición dunha praza de profesor consolidable e de dúas de non consolidable:

Votos a favor:	17
Votos en contra:	0
Abstencións:	4

Apróbase a proposta.

O Vicerrector de Profesorado anuncia que se non houbera resposta do Departamento nos termos anteriores, incluírase na orde do día da seguinte Xunta de Goberno a saída a BOE dunha praza de Titular de Universidade con audiencia do Director do Departamento de Fundamentos da Análise Económica.

* **Apróbanse** os seguintes permisos de docencia e investigación:

- Ó profesor Antonio Álvarez Alonso do 01/10/99 ó 31/01/2000
- Ó profesor Andrés Sanjuan López do 20/10/99 ó 20/01/2000
- Ó profesor Manuel A. Sobreira Seoane do 01/08/2000 ó 30/11/2000
- Ó profesor Jorge Pérez Juste do 20/09/99 ó 20/12/99
- Ó profesor Ignacio Pérez Juste do 01/09/99 ó 23/12/99

* Non hai solicitudes de comisións de servicio.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14:30 h. do día 7 de outubro de 1999 da que eu como Secretaria dou fe, co visto e prace do Rector.

O Rector
Por suplencia R.R. 1/10/99
O VICERRECTOR DE DESENVOLVEMENTO E
TRASNFERENCIA DE CIENCIA E TECNOLOXÍA

A Secretaria Xeral

Pedro Merino Gómez

Margarita Estévez Toranzo